

## Eduardo Soutullo: *All the echoes listen*

Sen dúbida ningunha, o compositor galego Eduardo Soutullo é unha das máis firmes promesas da música clásica española. Premiado innumerables veces, antes de cumprir a corentena viu as súas obras estreadas pola Orquestra Sinfónica de Barcelona e Nacional de Cataluña, a Real Filharmonía de Galicia, a Orchestre National de Lorraine (Francia) e, agora tamén, pola Orquestra Sinfónica de Galicia.

Nado en Bilbao pero trasladado moi axiña a Vigo, Soutullo é profesor superior polo Conservatorio de Música de Santiago de Compostela e foi profesor dos conservatorios de Vigo e Ourense. Recentemente obtivo o Premio Luis Morondo no I Concurso de Composición Coral de Cámara de Pamplona, cunha obra estreada en xullo pasado por esa coral de cámara no seu 60 Aniversario.

*All the echoes listen* é a composición coa que Soutullo obtivo o Primeiro Premio na XIII edición do prestixioso Concurso Internacional de Composición Ciutat de Tarragona 2005, membro da Federación Mundial de Concursos Internacionais de Música, concedido por un xurado do que formaban parte Antón García Abril como presidente, Maria Eugenia Luc, Zulema de la Cruz, Jean Jacques Werner, Jorge de Persia, Carlos Roque Alsina e Martin Matalon.

Estreada no marco do Festival de Verán de Tarragona deste ano, a cargo da Orquestra Sinfónica de Barcelona, a obra xa fora executada en Villafranca do Bierzo así como no Festival de Música Española organizado pola gaditana Catedral Manuel de Falla.

Nun único movemento onde se emprega un cadro de músicos de madeiras a tres, catro trompas, tres trompetas, tres trombóns, percusión, arpa e cordas, o título desta obra sinfónica, *All the echoes listen*, recrea un verso do poema *Even Song* do médico, poeta e humorista norteamericano Oliver Wendell Holmes (1809-1894). Ata tal punto a composición lírica do profesor de Harvard conmoveu a sensibilidade do compositor, que lle inspirou nada máis e nada menos que unha gran triloxía de obras orquestrais cuxa orixe está en cada un destes tres versos:

*All the echoes listen,  
but in vain...  
They hear no answering strain*



## Eduardo Soutullo: *All the echoes listen*

Sin duda ninguna, el compositor gallego Eduardo Soutullo es una de las más firmes promesas de la música clásica española. Archipremiado, antes de cumplir la cuarentena ha visto sus obras estrenadas por la Orquesta Sinfónica de Barcelona y Nacional de Cataluña, la Real Filharmonía de Galicia, la Orchestre National de Lorraine (Francia) y, ahora también, por la Orquesta Sinfónica de Galicia.

Nacido en Bilbao pero trasladado muy pronto a Vigo, Soutullo es profesor superior por el Conservatorio de Música de Santiago de Compostela y ha sido profesor de los conservatorios de Vigo y Ourense. Recientemente ha obtenido el Premio Luis Morondo en el I Concurso de Composición Coral de Cámara de Pamplona, con una obra estrenada en julio pasado por esa coral de cámara en su 60 aniversario.

*All the echoes listen* es la composición con la que Soutullo obtuvo el Primer Premio en la XIII edición del prestigioso Concurso Internacional de Composición Ciutat de Tarragona 2005, miembro de la Federación Mundial de Concursos Internacionales de Música, concedido por un jurado del que formaban parte Antón García Abril como presidente, Maria Eugenia Luc, Zulema de la Cruz, Jean Jacques Werner, Jorge de Persia, Carlos Roque Alsina y Martin Matalon.

Estrenada en el marco del Festival de Verano de Tarragona de este año, a cargo de la Orquesta Sinfónica de Barcelona, la obra ya había sido ejecutada en Villafranca del Bierzo así como en el Festival de Música Española organizado por la gaditana Catedral Manuel de Falla.

En un único movimiento donde se emplea una plantilla de maderas a tres, cuatro trompas, tres trompetas, tres trombones, percusión, arpa y cuerdas, el título de esta obra sinfónica, *All the echoes listen*, recrea un verso del poema *Even Song* del médico, poeta y humorista norteamericano Oliver Wendell Holmes (1809-1894). Hasta tal punto la composición lírica del profesor de Harvard conmovió la sensibilidad del compositor, que le ha inspirado nada más y nada menos que una gran trilogía de obras orquestrales cuyo origen está en cada uno de estos tres versos:

*All the echoes listen,  
but in vain...  
They hear no answering strain*

Estamos, xa que logo, ante un verdadeiro poema sinfónico ou, mellor, ante un verso posto en música e, neste sentido, achégase Soutullo a Liszt e ás súas composicións máis coñecidas. Non é casual, pois, reunir neste concerto ao mozo músico galego e ao gran compositor húngaro que se inspirou nos versos de Schiller para o seu décimo segundo poema sinfónico, *Os ideais*, tamén nun só movemento que foi estreado en Weimar hai agora exactamente un século e medio.

A orixinalidade da obra consiste na recreación das posibilidades sonoras do fenómeno do eco por medio da música, proxecto que acariñaron numerosos compositores ao longo da historia. Xunto ás contribucións de mestres como Sweelinck, Gabrieli ou Banchieri, son os espectralistas franceses as referencias fundamentais de Soutullo. Tamén a Wendell Holmes, poeta elixíaco ademais de profesor de Medicina, interesoulle sempre o eco como, digamos, fenómeno lírico e sentimental, tal como expresa nunha das súas célebres sentenzas: «O ruído dun bico non é tan sonoro como o dun canón, pero o seu eco dura moito máis».

Outras influencias musicais que recibe de forma sensible a obra de Soutullo son Olivier Messiaen, Toru Takemitsu ou Gérard Grisey, compositores aos que dedica o seu tríptico sinfónico e que tiveron unha importancia decisiva na súa formación musical, segundo as súas propias declaracións. De feito, nos efectivos orquestrais de *All the echoes listen*, é notoria a influencia da obra máis ambiciosa de Messiaen, a moi complexa e prodixiosa *Sinfonía Turangalila*. A constante experimentación sonora do máis grande dos compositores franceses do pasado século, especialmente a partir dos sons da natureza, deixou unha pegada sensible en Soutullo.

A estrea da obra tivo lugar no Camp de Mart (Tarragona) dentro da programación do Festival d'Estiu, o 20 de xullo de 2006 a cargo da Orquestra Sinfónica de Barcelona baixo a dirección de Virginia Martínez, sendo, ademais, gravada en versión reducida para orquestra de cadro de músicos clásico, pola Orchestre National de Lorraine (Francia) baixo a dirección de Jacques Mercier.

A segunda obra do tríptico, *But in vain*, encargada pola Fundación Autor e a Asociación Española de Orquestras Sinfónicas, estreouse o 1 de febreiro de 2007 pola Real Filharmonía de Galicia baixo a batuta do seu director titular, Antoni Ros Marbá.

Estamos, pues, ante un verdadeiro poema sinfónico o, mejor, ante un verso puesto en música y, en este sentido, se aproxima Soutullo a Liszt y a sus composiciones más conocidas. No es casual, pues, reunir en este concierto al joven músico gallego y al gran compositor húngaro que se inspiró en los versos de Schiller para su décimo segundo poema sinfónico, *Los ideales*, también en un solo movimiento que fue estrenado en Weimar hace ahora exactamente un siglo y medio.

La originalidad de la obra consiste en la recreación de las posibilidades sonoras del fenómeno del eco por medio de la música, proyecto que acariciaron numerosos compositores a lo largo de la historia. Junto a las aportaciones de maestros como Sweelinck, Gabrieli o Banchieri, son los espectralistas franceses las referencias fundamentales de Soutullo. También a Wendell Holmes, poeta elegíaco además de profesor de Medicina, le interesó siempre el eco como, digamos, fenómeno lírico y sentimental, tal como expresa en una de sus célebres sentencias: «El ruido de un beso no es tan sonoro como el de un cañón, pero su eco dura mucho más».

Otras influencias musicales que recibe de forma sensible la obra de Soutullo son Olivier Messiaen, Toru Takemitsu o Gérard Grisey, compositores a los que dedica su tríptico sinfónico y que han tenido una importancia decisiva en su formación musical, según sus propias declaraciones. De hecho, en los efectivos orquestrales de *All the echoes listen*, es notoria la influencia de la obra más ambiciosa de Messiaen, la complejísima y prodigiosa *Sinfonía Turangalila*. La constante experimentación sonora del más grande de los compositores franceses del pasado siglo, especialmente a partir de los sonidos de la naturaleza, ha dejado una huella sensible en Soutullo.

El estreno de la obra tuvo lugar en el Camp de Mart (Tarragona) dentro de la programación del Festival d'Estiu, el 20 de Julio de 2006 a cargo de la Orquesta Sinfónica de Barcelona bajo la dirección de Virginia Martínez, siendo, además, grabada en versión reducida para orquesta de plantilla clásica, por la Orchestre National de Lorraine (Francia) bajo la dirección de Jacques Mercier.

La segunda obra del tríptico, *But in vain*, encargada por la Fundación Autor y la Asociación Española de Orquestas Sinfónicas, se estrenó el 1 de febrero de 2007 por la Real Filharmonía de Galicia bajo la batuta de su director titular, Antoni Ros Marbá.